

Índice de confianza do consumidor. Outubro 2007.


COMUNICADO

Leve mellora do Indicador de Confianza do consumidor.

As perspectivas de evolución da situación económica en Galicia soben 5,5 puntos.

O índice de confianza do consumidor presenta no mes de outubro de 2007 unha pequena melloría tralo descenso de 15,1 puntos do pasado mes de setembro.

É importante salientar o diferente comportamento existente este mes de outubro entre o ICC do IGE e o ICC elaborado polo ICO para España. Este segundo indicador descende novamente en outubro debido principalmente a que empeoran as expectativas dos consumidores acerca da economía española para os próximos seis meses; mentres que o ICC elaborado polo Instituto Galego de Estatística mellora levemente grazas a que soben máis de cinco puntos as perspectivas de evolución da situación económica en Galicia. O resto das compoñentes do ICC galego sofren pequenas variacións que non chegan ós dous puntos de diferenza con respecto ao pasado mes de setembro.



Na táboa vese a evolución dos indicadores resumo (ICC e ISC) para Galicia nos últimos meses.

Indicadores resumo		
<i>Unidade: saldo respostas en %</i>		
	ICC	ISC
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0
2007		
Xaneiro	-21,7	-27,8
Febreiro	-18,4	-25,4
Marzo	-17,3	-23,6
Abril	-12,4	-20,0
Maio	-14,2	-24,0
Xuño	-11,9	-22,0
Xullo	-9,8	-18,1
Agosto	-17,3	-23,4
Setembro	-24,9	-28,8
Outubro	-23,1	-28,0

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor


Mantense a estabilidade da situación financeira persoal.

O saldo referente á percepción dos fogares acerca do nivel actual da situación financeira persoal aínda experimentando un descenso de mais de 2 puntos con respecto a setembro de 2007 é, cun valor de 1,3 puntos o único saldo positivo da enquisa.

Os consumidores perciben o elevado crecemento dos prezos

No referente aos prezos, debemos distinguir dous saldos. O primeiro fai referencia á opinión dos fogares acerca do comportamento dos prezos nos últimos doce meses (evolución pasada). Este sofre un descenso de 13,6 puntos con respecto ao mes de setembro acadando un valor de -49,3.

O outro saldo relativo aos prezos recolle a opinión dos fogares sobre as perspectivas de evolución (nos seguintes doce meses) dos mesmos. Este saldo tamén empeora con respecto ao mes de setembro. Neste caso, descende 6,6 puntos e acada un valor de -30,6.



Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>